

TEATRO DO NOROESTE

HISTÓRIAS PEREGRINAS





TEATRO DO NOROESTE

HISTORIAS PEREGRINAS

de Miguel Anxo Murado

Teatro do Noroeste, é unha compañía que, na súa dilatada traxectoria de máis de 20 anos, ten producido e distribuído unha grande cantidade de espectáculos. Entre estes espectáculos se poden salientar desde textos clásicos como: *Rei Lear*, *Macbeth* ou *Noite de Reis*, de William Shakespeare, ou *As vodas de Fígaro*, de Caron de Beaumarchais, até textos máis contemporáneos como *Os Xustos*, de Albert Camús, ou de autores galegos como *A grande noite de Fiz*, de Miguel Anxo Murado e *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro e os musicais, *Imperial: Café cantante. Vigo 1936* e *Glass City (Cidade de Cristal)* de Eduardo Alonso. Entre moitos outros.

Teatro do Noroeste presenta agora o seu espectáculo teatral: HISTORIAS PEREGRINAS. Esta produción é unha comedia na que participan oito actores e actrices

Unha comedia sobre as aparencias. Ou “as aparencias enganan”.



En HISTORIAS PEREGRINAS, de Miguel-Anxo Murado, un grupo de cómicos recorre o Camiño de Santiago representando Danzas da Morte e ás veces algún Auto Sacramental. A causa dunha edición defectuosa do Códice Calixtino, que lles serve como guía, pérdense nun bosque preto de Compostela. Están fartos de facer o que fan, particularmente o actor que fai o papel de *Muerte Justiciera*, convencido de que a súa vis cómica se bota a perder nun papel así, ou a actriz que fai de *Gracia Santificante*, que xa me dirás ti que gracia ten facer de Gracia, ou o que fai de *Demonio*, que de boa gana faría teatro vangardista, moderno e a poder ser incomprensible. Sen embargo, son case felices se non fose porque o actor que fai o papel de *Hombre Inocente* se fuga coa actriz que fai de *Perdón Divino* e cos cartos da recadación das últimas funcións.

Agora veranse obrigados a buscar alguén que faga de *Hombre Inocente*, o que non parece nada fácil nunha época na que o Milenarismo, as Herexías, as Guerras e a Peste volveron malencarado a máis ou menos todo o mundo. Tampouco o público parece gustar moito das súas representacións, sobre todo cando hai moitas execucións públicas ás que asistir, gratuítas e moito máis participativas.

O xogo teatral está servido: alguén que non é o que aparenta ser facendo de alguén que é o que é no fondo, pero que non parece que sexa.

HISTORIAS PEREGRINAS é unha deliciosa comedia sobre as comedias, unha delicada galería de personaxes eminentemente teatrais para falar da vida, da aparencia e da realidade, da razón e a sen razón de ser, e para falar do que para todo home e muller de teatro é o máis querido: o teatro. Pero falar de todo isto sen pedantería, con sinxeleza e sentido do humor.

Houbo un tempo en que a xente se xuntaba nas prazas das vilas ou ás portas das igrexas para informarse das últimas novidades da Moral e a Teoloxía, que entón era unha paixón popular. Eran os autos sacramentais, que os actores representaban pagados pola autoridades e que, como se sabe, consistían en obras alegóricas con personaxes recoñecibles tales como *A Morte*, *O Pecado*, *A Salvación*. Igual que na actualidade os medios de comunicación, proporcionaban ao público tanto diversión como normas de conduta.

En HISTORIAS PEREGRINAS quíxose retomar para a comedia aquela fermosa e sinxela forma que hoxe nos parece algo inxenua e darlle a volta. Quíxose escribir unha especie de comedia teolóxica popular, un auto sacramental no que a sentencia moral e a temática fosen modernas. Un anacronismo, por tanto. O anacronismo é sempre moi revelador: ese cruce de datos dunha época e interpretacións de outra distinta é sempre unha fonte de novas reflexións.

Así, esta é unha comedia alegórica na que as alegorías se resisten a cumprir co seu papel. O bosque é aquí, como no teatro barroco, a representación do mundo polo que vaga o ser humano desnortado. Só que neste bosque en particular o ser humano, o *Home Inocente* dos autos sacramentais, escapou cos cartos e co *Perdón Divino*, deixando abandonadas e desconcertadas as alegorías da *Morte*, o *Pecado*, o *Mal* e a *Gracia Santificante*. Mais, aínda sendo unha comedia, o seu fondo é serio, como en toda comedia que aborda a condición humana. Os dous temas de esta obra son a identidade e a casualidade. A identidade como problema propio do noso tempo, a casualidade como a forma moderna de entender o que antigamente chamaban destino. Son, en definitiva, e como di un personaxe da obra, os argumentos esenciais de todo o teatro. Porque pretende ser tamén unha modesta metáfora sobre o propio teatro.

o autor...





Miguel-Anxo Murado (Lugo, 1965) é autor dunha obra que inclúe practicamente todos os xéneros literarios. Nela destacan os seus libros de relatos Ruído, relatos de guerra e O soño da febre. Ten escrito tamén abundantemente para o cinema e a televisión, tanto obras de ficción como documentais. No ámbito do teatro é autor de dúas

comedias: *A grande noite de Fiz* e *Historias peregrinas*. Paralelamente, Murado ten desenvolvido unha actividade intermitente como xornalista: enviado especial ás guerras dos Balcáns, correspondente durante anos en Xerusalén durante a Segunda Intifada palestina (experiencia que contou en Fin de século en Palestina) e director de Radio Círculo. Na actualidade, ademais do seu traballo literario, Murado é analista de política internacional e columnista en La Voz de Galicia, e colaborador da Cadena SER, a BBC británica e o diario The Guardian. Ten recibido, entre outros, o Premio Carlos Velo de guións cinematográficos (en catro ocasións), o Ánxel Casal, o da Crítica Galega, o Antón Losada Diéguez e en dúas ocasións tamén o da Asociación de Escritores en Lingua Galega.



o equipo artístico...



Escenografía e vestuario: Paco Conesa



Escenógrafo e figurinista en múltiples producións teatrais de compañías galegas, así como do Centro Dramático Galego, co que colaborou en varias ocasións.

Recibiu o premio I Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia en 1984 pola súa escenografía de *Woyzeck*, do

Centro Dramático Galego, así como o premio Compostela na súa edición de 1990 á mellor escenografía e vestuario de *As alegres casadas*, produción do Centro Dramático Galego.

Tamén recibiu varios premios María Casares por obras como *Un sueño de verán*, producido polo Centro Dramático Galego, *Noite de Reis*, produción de Teatro do Noroeste, *A Cacatúa verde*, producida polo Centro Dramático Galego e tamén recibiu este premio á escenografía e ao vestuario de *Imperial: Café cantante. Vigo 1936*, producido por Teatro do Noroeste.

Outros deseños de escenografías e vestuarios que se deben ter en conta, á parte destes, son os de *O enfermo imaxinario*, *Rei Lear*, *Galileo Galilei*, *Macbeth*, *Lisístrata*, *Flashback Compostela* ou *Glass City (Cidade de Cristal)*

Coreografía: Chedes Suárez

Coreógrafa e profesora de danza, tendo o Título Superior de Danza polo Real Conservatorio de Danza de Madrid, e estudou danza clásica en Madrid, París e Bélxica e contemporánea en Xirona, Mónaco, Venezuela e Rusia. Foi bailarina no Ballet Clásico de Madrid dirixido por Eva Borg e axudante de coreografía no Ballet de Versailles (Francia). Na Coruña creou a Escola de Danza Druída e a compañía Druídadanza. Realizou coreografías para, entre outros, o Centro Dramático Galego, para o Festival de Ópera de A Coruña, para a Orquestra Sinfónica de Galicia, así como Centro Coreográfico Galego. Recibiu, entre outros, os seguintes premios: Premio no certame de Teatro Ciudad de Lugo pola coreografía *Drama de Mulleres* 1.990, 3º premio no certame coreográfico de Galicia 2.004 por *O Calar do Tempo*. Premiada tamén en Madrid no Maratón de Danza, mención especial no certame coreográfico de



Galicia por *O Anxo Exterminador* do Ballet 20 anos non é nada 2.005 e 1º premio no certame de Viana do Castelo (Portugal). En 2010 realiza a dirección e coreografía do balet *Etheria, a viaxe soñada*. É nomeada neste ano Directora do Centro Coreográfico Galego.

Música Orixinal: **CHEFA ALONSO**



Doutora en composición e improvisación libre pola Universidade de Brunel, Londres (2007) e Licenciada en Medicina Xeneral e Ciruxía pola Universidade de Santiago de Compostela (1979). Saxofonista e percusionista de free jazz e improvisación libre. Cofundadora de Musicalibre, ten organizado durante varios anos o Festival Internacional de Improvisación Hurta Cordel, en Madrid

.Compuxo a música de máis dunha ducia de espectáculos teatrais e de danza.

Actuou en festivais internacionais de improvisación en toda Europa: Inglaterra (Londres), Alemaña (Dresden), Suiza (Zug), Francia (París e Albi), Romanía (Bucarest e Sibiu). Ademais dos seus catro grupos estables: Sin Red (cuarteto de poesía e música improvisada) Dadajazz (quinteto de free jazz), Uz (trío de ventos) e o dúo con o pianista alemán Albert Kaul, tocou cun grande número de improvisadores do panorama internacional, como: John Edwards, Vanesa Mackness, Terry Day, Lou Grassi, Barbara Wagner, Ute Voelker, John Russel. Pertence ás orquestras de improvisadores LIO (London Improvisers Orchestra) ou OMEGA (orquestra de música espontánea de Galicia). Foi cofundadora e dirixe a orquestra de improvisadores de Andalucía, Entenguerengue.

Producción: **Eva Alonso**

Realizou os seguintes cursos: de ética e estética do protocolo na Universidade Menéndez Pelayo; de taller de estratexias de xestión de públicos organizado pola Rede Española de Teatros, Auditorios e Circuitos de titularidade pública; de produción de espectáculos en Editrain; de produción organizado polo Centro Coreográfico Galego; de Xestión de subvencións organizado pola Deputación de A Coruña; de produción organizado pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia; de Xestión, Produción e Distribución de espectáculos organizado pola Fundación Autor; e de Deseño de produción en cine organizado pola Fundación Autor. Foi axudante de dirección e produción en espectáculos das compañías Teatro do Noroeste, Sala Yago e Lagarta, Lagarta.

Realizou a produción dos seguintes



espectáculos teatrais: *Imperial café cantante: Vigo 1936*, e que recibiu cinco premios María Casares; de *Romeo e Xulieta*; de *Extrarradios (comedia das mulleres desamparadas)*, *Glass City (Cidade de Cristal)*, os tres producidos por Teatro do Noroeste.

Dirección e iluminación: **Eduardo Alonso**

Autor, adaptador e, sobre todo, director teatral. Comezou a súa actividade teatral en 1965, sendo cofundador de diversas compañías teatrais. En 1984 recibiu o premio I Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, concedido á persoa que destacase polo seu labor especial a prol do teatro galego, por ter posto en marcha o Centro Dramático Galego e ser o seu primeiro director. Recibiu o Premio Compostela na súa edición de 1992 á mellor iluminación teatral por *Os xustos*, de Albert Camus e dirección propia. Recibiu o Premio María Casares, na súa edición de 1997, á mellor iluminación teatral por *Noite de Reis*, de William Shakespeare e dirección propia e de 2007 pola iluminación e o texto de *Imperial: Café cantante. Vigo 1936*, obra con dirección propia. Como director de teatro realizou máis de cincuenta montaxes de obras de teatro, entre elas *Celtas sen filtro*, *Os vellos non deben namorarse*, *O enfermo imaxinario*, *As alegres casadas*, *Rei Lear*, *Un soño de verán*, *A grande*



noite de Fiz, *Galileo Galilei*, *Macbeth*, *Lisístrata*, *El embrujado*, *A Cacatúa verde*, *As damas de Ferrol*, *Ensaio*, *Romeo e Xulieta*, *Extrarradios* (*Comedia das mulleres desamparadas*) ou *Glass City* (*Cidade de Cristal*).



o elenco...

Gracia Santificante



Luma Gómez

Actriz cunha longa e prolífica carreira profesional. Traballou en diversas compañías teatrais, así como en múltiples montaxes do Centro Dramático Galego en papeis protagonistas. Fixo importantes traballos cinematográficos.

Como actriz de televisión realizou, entre outras, series como: *Servizo de urxencias* ou *Celia*.

Como actriz de cine realizou traballos como: coprotagonista no papel de Marica da Fame na película *El bosque animado*, protagonista no papel de Urxa na película *Urxa*.

Como actriz de teatro interveu en máis de corenta espectáculos teatrais, entre outros, nos seguintes: *O enfermo imaxinario*, *Medea*, *As alegres casadas*,



Os xustos, *Un soño de verán*, *Ligazón*, *Las galas del difunto*, *Alta comedia*, *As damas de Ferrol*, *Ensaio*, *Imperial: Café cantante*. Vigo 1936, *Romeo e Xulieta*, *Extrarradios* (*Comedia das mulleres desamparadas*) ou *Glass City* (*Cidade de Cristal*)

Actor e músico proveniente da Escola de Teatro Municipal de Narón. Participou en diversas compañías, como Carozza Teatro, Teatro do Noroeste, Bucanero Teatro, Teatro do Morcego, 40 Pasos e, por suposto, no Centro Dramático Galego.



Actor, músico e compositor, de entre os seus moitos traballos merecen destacar: *A Celestina*, *O País Acuático*, *A Cacatúa Verde*, *Tres Notas*, *Por un millón de dólares*, *Imperial: café Cantante*. *Vigo 1936*, *O ridículo desamor dun home máis ou menos normal*, *O Burgués Fidalgo*, *Consume con razóns e esquéceste de perdóns*, *As Dunas (Meu amor da madrugada)*, *Glass City (Cidade de Cristal)* ou *Life is a paripé*

Ademais de en teatro, ten traballado en series de televisión como *Nada es para siempre*, *Mareas Vivas*, *Pequeno Hotel*, *Fíos*, *Terras de Miranda*, *As Leis de Celavella*, *Rías Baixas*, *A vida por diante* ou *Libro de Familia*.

Carlos Mosquera “Mos”

Hombre Inocente



Costume 010.

o Hombre Inocente.



Santiago

Costume 95.

Empresario



Actor e músico cunha grande versatilidade, provén do Teatro de Cámara Ditea.

Participou no elenco da compañía Moucho Clerc con obras como: *A caza do Snark*, *O rouxiñol da Bretaña*, *O código clandestino*.

Participou como actor e músico na produción da Sala Yago *Flash-back Compostela*, espectáculo conformado por tres pasarrúas.

Desde o ano 2.000 é o director artístico do Teatro de Cámara Ditea, dirixindo todas as súas montaxes teatrais.

Pero, sobre todo, traballa no Centro Dramático Galego en producións como: *Yerma*, *A Lagarada*, *Como en Irlanda*, *Lisístrata*, *O peregrino errante que cansou ó demo*, *O Bufón de El Rei*, *Antígona*, *Os Vello non deben namorarse*, *A comedia do Gurgullo*, *O ano do cometa*, *As laranxas máis laranxas de todas as*

laranxas. Con Teatro do Noroeste, participou en *Imperial: Café cantante*. *Vigo, 1936* ou *Glass City (Cidade de Cristal)*. E coa compañía A Contrabutaca no espectáculo familiar *Robin Hood* ou *A Horta Animada*.



Xan Casas

Fernando González

Diplomado en Ciencias Empresariais na Universidade de Ourense, cursa estudos de interpretación na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Realizou curso de Comedia dell arte, con Tito Asorey, cursos de Clown con Monica Sueiro, de Voz con Sarabela Teatro, de Stanivslasky, con Sarabela, de Expresión corporal con Esther Movilla. Realizou cursos de iniciación e perfeccionamento na escola de artes escénicas Talía e cursos de interpretación con Oscar Codesido e Mimo e Pantomima con Julio Castronuovo. Foi actor nos espectáculos teatrais: *La gran máquina teatral*, *Momo*, *Limpando as rúas* (espectáculo de clown de rúa), *Romeo e Xulieta*, *O soño dunha noite de verano*, *En alta mar* e *Non* con Maraño teatro, *entre ambos rios*, *Aplausos para Adela*, *Romeo e Xulieta* e *Glass City* (Cidade de Cristal) de



Teatro do Noroeste, *A doma da Besta*, *Macbeth*, *Onde foron os xoguetes* e *Camiño da fama* con teatro Mutante e *Cemiterio de Automóbiles*. Foi actor nas curtametraxes: *Pulgas*, *Surfer* e *Braille*. Participa na película *Los girasoles ciegos* de J.L.Cuerda e na serie de ficción *Carleisom* como actor e cantante.

É vocalista e compositor do grupo de pop/rock *Sin motivo* de Ourense.

Muerte Justiciera



Pecado





Actriz cunha grande preparación universitaria, diplomada en Maxisterio, licenciada en Humanidades pola Universidade de Santiago de Compostela, ten o Postgrao de Estudos Teatrais e Audiovisuais pola Universidade da Coruña e o Doutorado en Teatro,

Expresión Corporal e Sociedade pola mesma universidade. Recibiu cursos de interpretación con Bob McAndrew, W. Stanievski, Iaroslav Bielski, Iñaqui Aierra, Carmen Portacelli, Mariano Barroso... Voz con Marta Pinillos, Jesús Aledrén. Canto con Pablo Carballido, Angeles Dorrio. Comedia del Arte con Carlo Boso, Antonio Faba. Como actriz de televisión realizou, entre outros, traballos en Matalobos, Hospital Central, Sin Tetas No Hay Paraíso, Padre Casares, A vida por diante. Como actriz de teatro interveu en: O xogo de Yalta/Afterplay, Extrarradios comedia das mulleres desamparadas, E de maior quero ser..., Viva el Teatro, Naumaquias II: peregrinos da noite, Yo no he leído el Quijote, Confesions, Maribel y la extraña familia, entremeses do século de ouro.

Victoria Pérez

Julia Méndez

Comeza os estudos na escola Druída con Mercedes Suárez, realiza cursiños de danza clásica e contemporánea, tendo como profesores, entre outros a: Victor Ullate (Madrid), Carmina Ocaña (Madrid), Virginia Valero (Madrid), Menia Martinez (Madrid), José Parés (A Coruña), Eva Borg (A Coruña), Karin Guizzo (bailarina do Nederlands Dans Theater, Niza), Hervé Ilari (bailarin da Opera de Niza). Participa en *El Carnaval de los Animales* coa Orquestra Sinfónica de Galicia, con coreografía de Mercedes Suárez e dirección de A.F. Simón, en *Julieta en Sueños*, coreografía de Mercedes Suárez e música de Juan Vara. Participa en *20 Anos non é nada*, de Druidanza actuando por toda Galicia. Tamén participa no documental



Flores Tristes de M. Abad e nas coreografías, *Verde Transparente*, variación do Ballet *Esmeralda* e *ABCDANZA* coa compañía Druidanza. Traballou en publicidade e na sección *Lendas* do programa Luar da TVG. Traballa como actriz e bailarina en *Glass City (Cidade de Cristal)* de Teatro do Noroeste.

Perdón Divino



Perdón
Divino



Perdón
Divino

Soldado



Diplomado en Arte Dramática pola escola de teatro Santatr, cursou estudos de interpretación na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Realizou cursos monográficos, tanto aquí como no estranxeiro, como: Interpretación para audiovisual con Lorena García; Clown con Marián Bañobre; Modalidades de expresión vocal no teatro grego e Maquillaxe escénico con Miklos Bács; Biomecánica 1 e 2 con María Smaevich; Practica de comedia clásica: con Kiko Cadaval; O corpo teatral - Laboratorio de mimo con Fabiana Gastaldello; Interpretación en cine con Manane Rodríguez. Como actor de teatro participou en espectáculos como: *Sed, Edipo Rey, El gran teatro del mundo, Confesión, Fé, Buscase un clown, Romeo e Xulieta, Brand, Eixo atlántico*.



É actor nas longametraxes: *Un cuento para Olivia, Años despues e A cova* (como protagonista nesta última). En televisión participou nas teleseries: *Pade Casares, Punto muerto e Cuarto sen ascensor*. E no programa: *Luba tv*.

Alejandro Carro

Aitor Rey



A súa formación actoral comeza no taller de teatro dirixido por Loli Buján, cursa estudos de interpretación na Escola de Teatro Municipal de Vigo e na Aula de Teatro de Ourense, dirixida pola compañía Sarabela Teatro.

Realizou cursos de comedia d'ill arte impartido por Tito R. Asorey, de método Lecocq, impartido por Cinthia Collavite, de clown impartido por Jesús Jara, de voz impartido por Jesús Marco, de voz impartido por Vicente Fuentes, de creación e manexo de zancos impartido por Avelino González, de posta en escena de monólogos cómicos impartido por Eva Hache e curso de máscaras impartido por Jesús Costa. Como actor de teatro participa nos espectáculos: *La ratita (musical)*, *Un féretro para Arturo*, *Os sete pecados*, *O rei Lear*, *Frankeinstein*, *Catro personaxes en busca dunha sopa*, *A escada dos tempos*, *Romeo e Xulieta*, *O Asombro da Auga*, *Maria Soliño*. Como actor de audiovisuais participa nas series: *Rias Baixas*, *Fíos*, *Matalobos*. E actor de espectáculos de rúa como: *Móvome* e *Profusión*.





a obra...

HISTORIAS PEREGRINAS, é un exemplo de obra ben feita, que atrapa a atención do lector ou espectador grazas á diversidade de situacións e onde o constante humor agocha temas tan transcendentais como a supremacía da razón para chegar a entender a vida, a crítica á senrazón da relixión, a busca da verdadeira identidade das persoas, o amor, a literatura, o teatro. Temas humanos que perduran nos séculos.

Unha compañía de cómicos que se dirixía de Burgos a Santiago de Compostela fican perdidos nun bosque. Para máis desgrazas o día anterior dous actores desapareceran roubándolles o diñeiro e as roupas. Ao pouco aparece un personaxe que se parece moito a uno dos ladróns, de tal xeito que os cómicos confúndeos. Este novo personaxe ha de inventar múltiples identidades para convencelos de que non é o ladrón: ao final resulta ser un perseguido pola xustiza a causa de ter impresos libros que defenden a verdade da ciencia fronte á relixión.

A obra desenvólvese nun mesmo cadro, un bosque, e pódese dividir en seis escenas marcadas pola entrada e saída de personaxes:

Escena 1: entran dous soldados que falan sos no escenario. Están buscando un puñal prateado.

Escena 2: Marchan os soldados e aparecen catro dos cómicos, vestidos con roupas de actores dun acto sacramental, que descubren que foran roubados.

Escena 3: Entra o Home, que é idéntico ao ladrón que contrataran co papel de Home Inocente.

Escena 4: Desaparecen detrás do carro os cinco cómicos e van saíndo de novo para representar unha breve peza teatral: O derradeiro milagre do Apóstolo.

Escena 5: Entra en escena Perdón Divino que fuxira con Home Inocente (o ladrón). Temos en escena aos cinco cómicos e ao Home.

Escena 6: Entran os soldados que comunican a morte de Home Inocente. Crían que era un impresor de libros herexes.

Escena 7: Saen os soldados. Home descobre aos cómicos a súa verdadeira identidade: el é o impresor que buscaban os soldados.





En conclusión os personaxes presentan problemas que se poderían trasladar a hoxe en día: o amor inalcanzábel, a busca da identidade, o absurdo de moitas situación, e a falsidade que se agocha nos augurios e nas relixións.

O espazo fundamental é o bosque onde se desenvolve a obra, e que é un punto do Camiño de Santiago que van percorrendo os cómicos.

O bosque aparece indicado na acotación inicial. O ambiente exterior vén reforzado polo ladrido duns cans e a aparición duns soldados buscando algo nunha fría noite. Sobre estes soldados cae unha luz que impide ver o resto. Cando fagan mutis os soldados prenderanse as luces que deixan ver un carro de cómicos e unha árbore. Os cans que ladran ao lonxe indican que hai outro espazo imaxinario que non se ve, fóra dos límites do escenario.

Nesta obra, en fin, se pretende amosar as relacións entre os personaxes, e o reflexo dunha época onde se toca temas tan actuais como o conflito relixión - ciencia, a busca da identidade, os medos, a procura da felicidade, que aglutinan un fondo serio contado cun humor que engaiola constantemente ao espectador.



(Historical)
Peregrinos.
Cuba etc.







Teatro do Noroeste

www.teatrodonoroeste.com

correo@teatrodonoroeste.com

Ameixenda - A Folgueira, s/n

15870 AMES (A CORUÑA)

Tfnos.: 981 898731 - 629 814 297

Subvencionado por

